

**D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> JESÚS LAGO REY, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **31 de outubro de 2014**, adoptou o seguinte acordo:

**5.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DE VIGO EN NOVOS MERCADOS TURÍSTICOS, NACIONAIS E INTERNACIONAIS, PARA ATRAER TURISTAS PROCEDENTES DE NOVOS MERCADOS MEDIANTE CONECTIVIDADE AÉREA DIRECTA DOS MESMOS CON VIGO. EXPTE. 5238/104.**

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o 24.10.14, que di o seguinte:

*A Mesa de Contratación celebrada o 24 de outubro de 2014, entre outros , acordou:*

*7.- Propostas de clasificación.*

*a) Procedemento aberto para a contratación da promoción turística de Vigo en novos mercados turísticos, nacionais e internacionais, para atraer turistas procedentes de novos mercados mediante conectividade aérea directa dos mesmos con Vigo (expediente 5238-104).*

*Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 12-09-2014, 19-09-2014, 03-10-2014, 06-10-2014, 08-10-2014, 10-10-2014, 21-10-2014 e 24-10-2014 e dos informes da técnica de Turismo coa conformidade da xefa do servizo de Turismo de 02-10-2014, 07-10-2014, 14-10-2014, 20-10-2014 e 23-10-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación da promoción turística de Vigo en novos mercados turísticos, nacionais e internacionais, para atraer turistas procedentes de novos mercados mediante conectividade aérea directa dos mesmos con Vigo (expediente 5238-104)”, no seguinte orde decrecente:*

*1.- AIR NOSTRUM LINEAS AEREAS DEL MEDITERRANEO, S.A.: 80,50 puntos*

*2.- VOLOTEA, S.L.:79,02 puntos.*

*3.- IBERIA EXPRESS, S.A.U.:65,58 puntos.*

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AIR NOSTRUM LINEAS AEREAS DEL MEDITERRANEO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*

- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 26.7 do PCAP.*

*Terceiro.- Requirir o aboamento de 584,58 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación a cada un dos licitadores clasificados en primeiro lugar”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a trinta e un de outubro do ano dous mil catorce.

me

V. e Pr.  
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.